

LISTA DE ASISTENTES

De Andrés Iglesias, Jesús
Carballo González, Ángeles
Couto Cancela, Daniel
Dafonte Gómez, Alberto
Gómez Rodríguez, Alma María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Reigosa Roger, Manuel
Ríos Santomé, María José
DESCULPA ASISTENCIA
Ferreiro Vázquez, Óscar
Garrido Suárez, Carlos
González Santamaría, Pedro
Isorna Folgar, Manuel

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 21 de novembro de dous mil dezanove, convocada para as 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **21 de novembro de 2019** ás 10:00 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 20 de xuño de 2019.
2. Toma en consideración, se procede, da reclamación interposta por Miguel Cuevas Alonso contra a resolución da xunta electoral do Departamento de Lingua Española.
3. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 20 de xuño de 2019.

Ao non haber alegacións, apróbbase por asentimento a acta da sesión da Comisión Electoral do 20 de xuño de 2019.

2. Toma en consideración, se procede, da reclamación interposta por Miguel Cuevas Alonso contra a resolución da xunta electoral do Departamento de Lingua Española.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral quen, tras resumir a reclamación presentada, que foi aportada xunto co resto da documentación, expón o seu punto de vista sobre este asunto. Ao seu entender, as claves aparecen no informe da Asesoría Xurídica de 8 de novembro de 2019, segundo o cal debe procederse á interpretación do artigo 46.5º dos Estatutos da Universidade, segundo o cal o director do departamento “será elixido por un período de tres anos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva”. Para a Asesoría Xurídica, por una banda, da execución da sentenza que deixou sen efectos a formalización do contrato de profesor contratado doutor do reclamante “non se lle poden deparar as consecuencias que lle puidesen prexudicar o mermar os seus dereitos” (o que lle daría a razón no presente caso); pero, doutra banda, a dita norma “*parece* (énfase propio) ter unha finalidade de non prolongar o tempo no cargo a unha mesma persoa, e iso se produce polo feito de ter desempeñado ese cargo aínda que logo se deixase sen efectos excepto para terceiros”. Conclúe a Asesoría Xurídica que “a toma en consideración desta circunstancia e a súa valoración deberá ser efectuada polos órganos competentes”.

Neste sentido, continúa o secretario xeral, en primeiro lugar hai que ter en conta que o órgano competente en primeira instancia (a xunta electoral do departamento) limitouse a indicar (tal e como se recolle na acta levantada ao efecto) que “non existe unha xustificación suficientemente sólida que permita a aceptación da candidatura de Miguel Cuevas Alonso”, cando eso era precisamente o que tiña que valorar fundamentalmente a propia comisión, o que condena á nulidade a súa resolución, segundo o artigo 48 da Lei 49/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e abondosa xurisprudencia (como as STS do 13 de febreiro de 1992 e do 15 de xaneiro de 2009, entre outras moitas). Corresponde entón agora a esta comisión decidir sobre a valoración que reclama a Asesoría Xurídica.

Certamente, o punto de partida da propia Asesoría Xurídica é contradictorio: é difícil afirmar ao mesmo tempo que o cargo de director de departamento se deixou sen efecto pero que foi no entanto desempeñado. Unha cousa é o plano da eficacia xurídica do devandito cargo e outro o plano dos feitos, como é o transcurso do tempo no seu “exercicio”. Se admitimos (o que é asemade dubidoso, como se verá) que o presuposto do artigo 46.5º é “non prolongar no tempo *no cargo*” a unha mesma persoa, estamos a falar entón dun exercicio do mesmo con plena eficacia xurídica. Porén, a constatación do feito do transcurso do tempo funciona aquí como un mero dato fáctico que non debería servir para unha interpretación da norma tendente a restrinxir o dereito de Miguel Cuevas a poder presentarse novamente á elección. Aínda máis se consideramos o carácter de dereito fundamental que ten o dereito de sufraxio, tanto activo como pasivo. Existe asemade un informe precedente da propia Asesoría Xurídica, de 29 de xaneiro de 2010, no que interpreta restritivamente o suposto do artigo 46.5º (antigo artigo 55 dos Estatutos) ao considerar o nomeamento en funcións como “un nomeamento administrativo non por elección directa, nomeamento que non podemos equiparar a un acto electivo”, polo que se permitiría a nova elección.

En segundo lugar, é dubidoso que, se o seu cargo de director de departamento foi desprovisto de efectos, se poida falar, en sentido estrito, dunha segunda “reelección”, como prohíbe a norma dos Estatutos, xa que, en todo caso, trataríase dunha primeira reelección.

En terceiro lugar, aínda que á Asesoría Xurídica *parécelle* que a finalidade da norma do artigo 46.5º dos Estatutos é “non prolongar no tempo no cargo a unha mesma persoa” o certo é que nada impide a quen foi director dun departamento durante dous mandatos consecutivos voltar a presentarse transcurrido un período de tres anos, polo que esta pretendida finalidade da norma quedaría un tanto en entredito, non sendo posible entón compartir este parecer da asesoría, polo menos de xeito absoluto.

Finalmente, é incontestable que a norma do artigo 46.5º comeza sinalando que o director de departamento “será elexido por un período de tres anos”, período que foi interrompido pola execución da sentenza no caso de Miguel Cuevas, sen que chegase a concluílo, nin sequiera sumando o que se mantivo en funcións (e pensando que puidese computarse como efectivamente cumprido, o que é moi dubidoso, como xa se indicou).

Por todas estas razóns, e en contra do expresado pola comisión electoral do departamento, ao parecer do secretario xeral, o que non existe precisamente é unha xustificación suficientemente sólida que impida a aceptación da candidatura de Miguel Cuevas Alonso; polo que recomenda a anulación da votación celebrada o pasado 18 de novembro, a aceptación da candidatura do reclamante e a celebración de novas eleccións.

María José Ríos Santomé sinala que a reclamación da outra candidata foi presentada fóra de prazo e por correo electrónico, cando na convocatoria se especifica que hai que presentala por rexistro, polo que sería causa directa de nulidade. Alberto Dafonte sinala que non ten clara a súa opinión ao efecto. Dubida en canto ao informe sobre os efectos sobre terceiros do exercicio do cargo. Alma Gómez sinala que o período en funcións interrompe o primeiro mandato, tal e como sinala o informe de 2010 da Asesoría Xurídica. O reitor indica que existen dúas causas para permitir a reelección que xustificarian aceptar a reclamación. Ángeles Carballo sinala que o efecto da anulación simplemente non pode afectar a terceiros. O reitor pregunta quen queda en funcións, se sería a directora electa ou Miguel Cuevas. Acórdase preguntar á Asesoría Xurídica este aspecto.

Acéptase por asentimento a reclamación interposta por Miguel Cuevas, anulándose a elección e retrotraendo os seus efectos ao momento en que se produciu a proclamación definitiva de candidaturas.

3. Rogos e preguntas.

Non hai rogos e preguntas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:30 h do día 21 de novembro de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez

Reclamación a la Resolución de la Xunta Electoral del Departamento de Lengua española por la que se excluye al reclamante de la proclamación de candidatos a director/a de este departamento

MIGUEL CUEVAS ALONSO, titular del DNI número 72090311P, con dirección a efectos de notificación en la Facultad de Filología y Traducción, Campus Lagoas-Marcosende, Universidade de Vigo, ante la Comisión Electoral de la Universidade de Vigo comparece y, como mejor proceda en Derecho, DICE:

Que al amparo de lo dispuesto en los arts. 8 y 9.k del Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo viene a formular, en tiempo y forma, la siguiente, RECLAMACIÓN

ANTECEDENTES

- 1.- El dicente fue director del departamento desde enero de 2014 hasta la actualidad.
- 2.- Que con fecha de 16 de junio de 2016, en Resolución Rectoral, se procede a ejecutar la sentencia que anulaba su nombramiento como profesor contratado doctor, con el cese retroactivo como director a enero de 2014 y, por tanto, con la pérdida de tal condición entre 2014 y 2016. Así rezaba la Resolución rectoral:

De conformidade coa Sentenza do Tribunal Superior de Galicia de data de 19 de novembro de 2008, respecto do alcance executorio da anulación de proceso selectivo, os efectos da presente anulación de nomeamento non se estenderán a actos en que dito profesor puidera intervir durante o tempo transcurrido desde a formalización do contrato como profesor contratado doutor e a publicación no Diario Oficial de Galicia da presente resolución, en canto afectan a terceiras persoas.

- 3.- El dicente es cesado inmediatamente y se deja sin efecto su nombramiento como director del Departamento de Lengua española entre enero de 2014 y julio de 2016, pasando a estar en funciones hasta la convocatoria de nuevas elecciones.
- 4.- El dicente gana las elecciones en octubre de 2016 y nuevamente es nombrado director. Mandato que acaba de terminar.
- 5.- Con fecha de 5 de noviembre de 2019, terminado el mandato del dicente, se convocan elecciones a director/a del Departamento de Lengua española y se establece un período de presentación de candidaturas entre el 5 y el 12 de noviembre.
- 5.- El dicente solicita informe a la asesoría jurídica de la Universidade de Vigo sobre el alcance de la anulación de todos los nombramientos previos a la ejecución de la sentencia señalada anteriormente. El informe llega con fecha de 08 de noviembre de 2019 (ANEXO 1). En dicho informe se indica:

A execución da sentenza deixa sen efectos a formalización do contrato profesor contratado doutor con respecto ao interesado, establecéndose unha salvagarda dos dereitos de terceiros, e por ese motivo se manteñen para terceiros os efectos daqueles actos nos que o profesor puidese intervir actuando como profesor contratado doutor. Se tales efectos e o cómputo dese período non se teñen en conta para o profesor interesado en sentido positivo (por exemplo, no seu expediente administrativo) entendo que podemos interpretar que tampouco se pode facer en sentido negativo, no sentido que non se lle poden deparar as consecuencias que lle puidesen perxudicar ou mermar os seus dereitos.

Agora ben, a normativa parece ter unha finalidade de non prolongar o tempo no cargo a unha mesma persoa, e iso se produce polo feito de ter desempeñado ese cargo aínda que logo se

A/A Comisión Electoral de la Universidade de Vigo

1

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

00008735e1900015312

CSV

GEISER-c153-e02d-c1fe-440a-b206-384e-b0e6-baf3

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

18/11/2019 09:13:24 Horario peninsular

Validez del documento

Copia Electrónica Auténtica



deixase sen efectos excepto para terceiros. A toma en consideración desta circunstancia e a súa valoración deberá ser efectuada polos órganos competentes.

- 6.- El dicente entiende que tiene derecho y presentar su candidatura en tiempo y forma y también la presenta la profa. Inmaculada C. Báez Montero.
- 7.- En la proclamación provisional de candidaturas son aceptadas ambas candidaturas.
- 8.- En tiempo, la profa. Báez Montero presenta reclamación por correo electrónico y, por tanto, no siguiendo el procedimiento estipulado en el art. 28.5 del Reglamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo a la candidatura del dicente señalando en su "reclamación" que transcribimos literalmente a continuación:

Fecha: 14/11/19 [19:29:27 CET]
De: Inmaculada Báez Montero <cbaez@uvigo.es>
Para: Miguel Cuevas <miguel.cuevas@uvigo.es>
Asunto: Re: Censos y candidaturas provisionales

Estimada sra. Secretaria do departamento de Lingua Española e membros da xunta electoral ao consello de departamento de Lingua española:

O candidato Miguel Cuevas leva 6 anos consecutivos de director de departamento e polo tanto non pode ser considerado candidato dado que, aínda que o seu nomeamento como contratado doutor foi anulado por un xuíz, eses anos "anulados" contan de feito e de dereito e foran recoñecidos como tales pola universidade de Vigo. Solicito sexa anulada a súa candidatura.
Atentamente,

Inmaculada C. Báez Montero

- 9.- Con fecha de 15 de noviembre de 2019, se reúne la Xunta Electoral do Departamento de Lingua española. El dicente se ausenta en el punto del orden del día relativo a la reclamación de la profa. Báez Montero por ser parte interesada. La xunta admite a trámite la reclamación de la profa. Báez Montero y decide aceptarla y no proclamar al dicente como candidato en la proclamación definitiva de candidaturas. El argumento de la comisión es el siguiente (la resolución completa puede leerse en el anexo 2):

Visto o informe da Asesoría Xurídica de data 8 de novembro, esta comisión interpreta que non existe unha xustificación suficientemente sólida que permita a aceptación da candidatura de D. Miguel Cuevas Alonso. Polo tanto, esta comisión acorda aceptar a reclamación presentada por D^a Inmaculada C. Báez Montero.

FUNDAMENTACIÓN

- 1.- La comisión admite a trámite una reclamación realizada por la profa. Báez Montero que no sigue el procedimiento estipulado en el art. 28.5 del Reglamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo donde se indica que "as persoas candidatas proclamadas, así como as excluídas, poderán interpoñer un recurso ante a Comisión Electoral ou a Xunta Electoral, segundo proceda, nos mesmos rexistros indicados no artigo anterior". En el artículo 27 se indica que deberán presentarse en "registro electrónico, no Rexistro Xeral da universidade ou en calquera dos seus rexistros auxiliares".
- 2.- La xunta electoral invierte la cuestión a la que deben responder. Se indica que "non existe unha xustificación suficientemente sólida que permita a aceptación da candidatura de D. Miguel Cuevas Alonso" pero no deben resolver sobre esta cuestión sino sobre si existen o no causas objetivas de exclusión del candidato en la proclamación definitiva. Entendemos que no se trata de que existan justificaciones sólidas para aceptarlo o no, puesto que estaba ya aceptado en la proclamación provisional, sino si existen razones que limiten el derecho del individuo a ser candidato. Estas razones, si existen, no se recogen y, por tanto, generan indefensión en el dicente al desconocer en su

A/A Comisión Electoral de la Universidade de Vigo

2

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

00008735e1900015312

CSV

GEISER-c153-e02d-c1fe-440a-b206-384e-b0e6-baf3

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

18/11/2019 09:13:24 Horario peninsular

Validez del documento

Copia Electrónica Auténtica



totalidad cuál es el alcance jurídico del razonamiento de la xunta electoral del Departamento de Lengua española, puesto que no hay razonamiento. Se basa en un parecer sin argumento ninguno. Se indica que es una interpretación (“esta comisión interpreta”) pero no dicen qué norma o principio legal que limite el derecho del dicente a presentarse se está aplicando para su exclusión y, ni mucho menos, razonan sobre el hecho del parecer de la asesoría jurídica sobre que “non se lle poden deparar as consecuencias que lle puidesen perxudicar ou mermar os seus dereitos”. Esta indefensión es especialmente grave cuando se trata del derecho a candidatarse y, por tanto, un derecho constitucional, solo limitado por determinada normativa que debería haber dado lugar a una argumentación de la comisión.

- 3.- Los estatutos de la Universidade de Vigo, en su art. 46.5, indican que el/la director/a del departamento “será elixido por un período de tres anos, con posibilidade dunha soa reelección”. Este es el precepto jurídico. Entendemos que la asesoría jurídica parece poner en igualdad de condiciones la interpretación de que “parece ter unha finalidade de non prolongar o tempo no cargo a unha mesma persoa” y el derecho o no a presentarse a unas elecciones. Esto en nuestra opinión, sobrepasa con creces cualquier juicio cabal que se pueda realizar. Por un lado, entendemos, está el hecho de cuál es la finalidad del artículo (por cierto, finalidad muy discutida por los expertos constitucionalistas), y, por otro, si existe o no limitación en el ejercicio de un derecho cuando median circunstancias específicas. La primera es una interpretación; la segunda, entendemos, es, y no otro, el núcleo del asunto.

Cabe, por tanto preguntarse si la anulación de la plaza de contratado doctor dejó sin efectos el nombramiento como Director del Departamento de Lengua española del dicente. Si dejó sin efectos el nombramiento, como así es, no existió y, por tanto, no se produjo reelección. La anulación del acto en sí, produjo que efectivamente, como recoge la resolución de ejecución, solo se mantengan los actos que afecten a terceros. Los que no se mantienen son los que afectan al dicente y que generaron un daño reconocido por sentencia judicial, como la pérdida de los sexenios, de los quinquenios o el paso de contratado doctor a CIS entre 2012 y la ejecución de la sentencia. Y uno de esos actos que afectan al dicente y no se mantienen es, precisamente su nombramiento como Director del Departamento de Lengua española.

La pregunta es si cabe, por tanto, entender en este caso que el dicente pierde su derecho a presentarse libremente a unas elecciones y si existe limitación que se le pueda aplicar. Entendemos que no, puesto que estaríamos incurriendo en un daño que difícilmente sería subsanable, puesto que le privamos del ejercicio de un derecho, el de acceder en condiciones de igualdad a cargos públicos. Y es que si razonamos lógicamente, de aceptar que el dicente no se puede presentar, estaríamos asumiendo que la pérdida de efectos de un cargo por un error administrativo en el que el dicente no tuvo responsabilidad y que le generó ya unos daños (reconocidos por vía patrimonial y por sentencia judicial) le provoca un nuevo daño y una desigualdad con respecto a aquellos que, no habiendo sufrido un error de la Administración, pueden obtener el mérito del cargo de gestión en dos ocasiones consecutivas, en tanto que el dicente sólo podría obtener el cargo de gestión en una sola ocasión, sin posibilidad de reelección. Si acceder a un cargo, del tipo que sea, debe hacerse en condiciones de igualdad, la limitación del derecho debe ser fundamentada y proporcional y no deberá causar un perjuicio más allá de la propia limitación.

La interpretación que hace la Xunta Electoral llevaría a entender que, para unas cosas, los efectos de la anulación son absolutos y, para otras, no existiría pérdida de esos




efectos. Algo sorprendente. Pero lo importante aquí es que estamos hablando del ejercicio de un derecho y de si es legítimo impedir su ejercicio.

RECLAMAMOS

Que, en virtud de las atribuciones de la Comisión Electoral de la Universidade de Vigo,

1. Se deje sin efecto la resolución de la Xunta Electoral del Departamento de Lengua española por la que se acepta la reclamación de la profa. Inmaculada C. Báez Montero.
2. Que se le reconozca al dicente el derecho de poder presentarse a la reelección.
3. Se anule la elección que se va a celebrar hoy mismo, 18 de noviembre de 2019, y para la que el candidato no fue aceptado en la proclamación y se proceda según el ordenamiento jurídico.

En Vigo, a 18 de noviembre de 2019



Fdo. Miguel Cuevas Alonso

A/A Comisión Electoral de la Universidade de Vigo

4

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

00008735e1900015312

CSV

GEISER-c153-e02d-c1fe-440a-b206-384e-b0e6-baf3

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

18/11/2019 09:13:24 Horario peninsular

Validez del documento

Copia Electrónica Auténtica



GEISER-c153-e02d-c1fe-440a-b206-384e-b0e6-baf3

ASUNTO: Consulta de D. Miguel Cuevas Alonso sobre se pode ser candidato á dirección de Departamento e outras cuestións relativas ás devanditas eleccións.

En relación coa consulta remitida pola Secretaría Xeral sobre diversas cuestións que formula D. Miguel Cuevas Alonso sobre o tema do epígrafe, podemos emitir o seguinte

INFORME:

Primeiro.- Respecto a se D. Miguel Cuevas Alonso pode ser candidato á dirección de Departamento ante as circunstancias derivadas da execución da sentenza xudicial que afectou á súa praza de profesor contratado doutor, cómpre ter en conta que en xaneiro de 2014 foi elixido director do Departamento de Lingua Española ata a execución da sentenza (xullo de 2016), que anula o seu nomeamento como profesor contratado doutor, sendo de novo elixido director de Departamento en outubro de 2016, por un período de tres anos, ata o 2019.

O artigo 46.5 dos Estatutos establece que a directora ou director do departamento *“será elixido por un período de tres anos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva”*.

Na Resolución Reitoral de 16 de xuño de 2016, pola que se procede a executar a sentenza relativa á praza de Profesor Contratado Doutor antes aludida, dispónse expresamente no seu apartado terceiro: *“De conformidade coa Sentenza do Tribunal Superior de Galicia de data 19 de novembro de 2008, respecto do alcance executorio da anulación de proceso selectivo, os efectos da presente anulación de nomeamento non se estenderán a actos en que dito profesor puidera intervir durante o tempo transcorrido desde a formalización do contrato como profesor contratado doutor e a publicación no Diario Oficial de Galicia da presente resolución, en canto afectan a terceiras persoas”*.

A execución da sentenza deixa sen efectos a formalización do contrato profesor contratado doutor con respecto ao interesado, establecéndose unha salvagarda dos dereitos de terceiros, e por ese motivo se manteñen para terceiros os efectos daqueles actos nos que o profesor puidese intervir actuando como profesor contratado doutor nese período de tempo. Se tales efectos e o cómputo dese período non se teñen en conta para o profesor interesado en sentido positivo (por exemplo, no seu expediente administrativo) entendo que podemos interpretar que tampouco se pode facer en sentido negativo, no sentido que non se lle poden deparar as consecuencias que lle puidesen perxudicar ou mermar os seus dereitos.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

00008735e1900015312

CSV

GEISER-e2c8-b98c-4ac3-4c5b-b33e-24aa-dcf9-3b3a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

18/11/2019 09:13:24 Horario peninsular

Validez del documento

Copia



Agora ben, a normativa parece ter unha finalidade de non prolongar o tempo no cargo a unha mesma persoa, e iso se produce polo feito de ter desempeñado ese cargo aínda que logo se deixase sen efectos excepto para terceiros. A toma en consideración desta circunstancia e a súa valoración deberá ser efectuada polos órganos competentes.

Segundo.- Polo que se refire ás persoas en situación de baixa ou ano sabático, en ningunha das dúas se perde a condición administrativa de servizo activo, polo que manteñen os dereitos inherentes á súa condición, entre eles o de votar.

En canto ao procedemento para votar, os artigos 45 e seguintes do Regulamento electoral xeral da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro universitario o 15 de outubro de 2019 (DOG do 28/10/19), prevén a posibilidade de voto electrónico, que parece que permitiría dar solución á imposibilidade de acudir a votar así como garantir o voto segredo. En todo caso, corresponde á Comisión Electoral e ás xuntas electorais, no seu respectivo ámbito de competencia, resolver as aclaracións que se susciten nos procesos electorais correspondentes, tal como se dispón no artigo 7 do antedito Regulamento.

Asemade, e sen prexuízo das competencias das xuntas electorais, o artigo 9.1 da citada norma establece as seguintes competencias da Comisión Electoral:

"1. En xeral correspóndelle á Comisión Electoral elaborar as instrucións de obrigado cumprimento para a Administración electoral en calquera materia electoral e a formulación dos criterios interpretativos en aplicación da normativa electoral; así como resolver todos os problemas e dúbidas que se poidan presentar nestas e demais eleccións consideradas nos estatutos da Universidade de Vigo."

Terceiro.- En canto ao procedemento de convocatoria e eleccións, este atópase recollido no Capítulo IV, artigos 67 a 72 e 76 do Regulamento electoral xeral da Universidade de Vigo.

Este é o parecer desta Asesoría Xurídica, que gustosa somete a outro máis fundado.

A Xefa de Servizo da Asesoría Xurídica

POUSA
CRESPO MARIA
JOSE - DNI
34997903E

Firmado digitalmente por POUSA CRESPO MARIA JOSE - DNI 34997903E
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, o=UNIVERSIDAD DE VIGO, ou=CERTIFICADO ELECTRONICO DE EMPLEADO PUBLICO, ou=ASESORIA XURIDICA,
serialNumber=idCES-34997903E,
sn=POUSA CRESPO, givenName=MARIA JOSE, cn=POUSA CRESPO MARIA JOSE - DNI 34997903E
Fecha: 2019.11.08 12:58:22 +01'00'

SECRETARÍA XERAL

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

00008735e1900015312

CSV

GEISER-e2c8-b98c-4ac3-4c5b-b33e-24aa-dcf9-3b3a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

18/11/2019 09:13:24 Horario peninsular

Validez del documento

Copia



Resolución da Xunta Electoral do Departamento de Lingua española sobre a Reclamación da candidata a Directora a doutora Inmaculada C. Báez Montero contra a candidatura do doutor Miguel Cuevas Alonso.

Recibida unha reclamación da Doutora Inmaculada C. Báez Montero por correo electrónico sobre a proclamación provisional do doutor Miguel Cuevas Alonso, esta Xunta Electoral reúne-se ás 12 horas do día 15 de novembro de 2019 coa presenza dos seguintes membros:

Miguel Cuevas Alonso (Presidente)

M.ª Belén Otero Rey (polo sector PAS) como suplente de Begoña Álvarez Carpintero

M.ª Regina Rodríguez Vega (Secretaria)

Eduardo Tobar Delgado (polo sector PDI)

Excusan a súa asistencia:

Begoña Álvarez Carpintero (polo sector PAS)

Selene González Prada (polo sector estudiantado)

Miguel Cuevas Alonso, por considerarse persoa implicada, indica aos membros da comisión que se abstén nas deliberacións e no acordo sobre este punto. Sinala tamén que existe un informe da asesoría xurídica que deixa a disposición dos membros da comisión e que se adxunta a este escrito.

Visto o informe da Asesoría Xurídica de data 8 de novembro, esta comisión interpreta que non existe unha xustificación suficientemente sólida que permita a aceptación da candidatura de D. Miguel Cuevas Alonso. Polo tanto, esta comisión acorda aceptar a reclamación presentada por D.ª Inmaculada C. Báez Montero.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

00008735e1900015312

CSV

GEISER-e2c8-b98c-4ac3-4c5b-b33e-24aa-dcf9-3b3a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

18/11/2019 09:13:24 Horario peninsular

Validez del documento

Copia



Comunicáselle por escrito e mediante correo electrónico aos interesados para que, de consideralo oportuno, podan interponer reclamación ante a Comisión Electoral da Universidade de Vigo conforme aos artigos 8 e 9.k do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo.

En Vigo, a 15 de novembro de 2019



Asdo. Rexina Rodríguez Vega

Secretaria da Xunta electoral

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

00008735e1900015312

CSV

GEISER-e2c8-b98c-4ac3-4c5b-b33e-24aa-dcf9-3b3a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

18/11/2019 09:13:24 Horario peninsular

Validez del documento

Copia

